

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA VALORES ÉTICOS

2º e 4º ESO

DEPARTAMENTO DE DEBUXO

CPI DE COVA TERREÑA

CURSO 2022-2023

Profesora do departamento:

Tania González Tella

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.....	1
1.1.REFERENCIASNORMATIVAS	2
2. OBXECTIVOS DA ETAPA	4
3. COMPETENCIAS CLAVE	5
4. VALORES ÉTICOS, 2º ESO.....	7
4.1.OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE.....	7
4.2.CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE. CONTIDOS MÍNIMOS ESIXIBLES.....	12
5. VALORES ÉTICOS, 4º ESO.....	20
5.1.OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE.....	20
5.2.CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE. CONTIDOS MÍNIMOS ESIXIBLES.....	21
6. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.....	27
7. METODOLOXÍA	28
8. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS	30
9. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN.....	32
9.1 CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN NAS AVALIACIÓNS TRIMESTRAIS (1ª, 2ª E 3ª AVALIACIÓN):.....	32
9.2 CRITERIOS XERAIS NAS ACTIVIDADES DE APOIO, REFORZO, RECUPERACIÓN, AMPLIACIÓN E TITORÍA PARA O PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE A 3ª AVALIACIÓN E AVALIACIÓN FINAL NA ESO.....	33
9.3 RECUPERACIÓN DA MATERIA PENDENTE:.....	35
10. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES	36
11. INFORMACIÓN AO ALUMNADO E Á COMUNIDADE ESCOLAR DO CONTIDO DA PRESENTE PROGRAMACIÓN	36
12. PROCEDEMENTO E INDICADORES PARA AVALIACIÓN DA PROPIA PROGRAMACIÓN / PRÁCTICA DOCENTE.....	32
13. AVALIACIÓN INICIAL	38
CONCEPTO.	
OBXECTIVOS	
DESTINATARIOS.	
TEMPORALIZACIÓN.	
14. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	39

1. Introducción e contextualización

O presente documento recolle a Programación da materia de Valores Éticos que segue como marco legal a Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a Mellora da Calidade Educativa (LOMCE), o Real Decreto 1105/2014, do 26 de decembro, polo que se establece o currículo básico de Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato, o Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia e a ORDE do 19 de maio de 2021 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2021/22 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.

A presenza da materia de Valores Éticos na etapa de Educación secundaria obrigatoria da cumprimento, en primeiro termo, o mandato recollido no Art. 27.2 da Constitución Española de 1978 segundo o cal “la educación tendrá por objeto el pleno desarrollo de la personalidad humana en el respeto a los principios democráticos de convivencia y los derechos y libertades fundamentales”. Establécese, igualmente, que a Declaración Universal de Derechos Humanos (DUDH), así como os tratados e acordos internacionais ratificados por España nesta materia son o referente desde o que cabe interpretar tales principios, dereitos e liberdades.

En segundo lugar, e en sintonía coa disposición autonómica, a materia contribúe ao aprendizaxe dos valores democráticos, condición sobre a que se asenta a construción dunha sociedade libre, cohesionada, solidaria, igualitaria, próspera e xusta. Persegue, ademais, formar para a participación democrática, capacitando á xuventude para un exercicio real e activo da cidadanía, ao tempo que respectuoso cos principios vertebradores da convivencia social: a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político e o rexeitamento de calquera discriminación por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, orientación sexual, discapacidade, opinión ou calquera outra condición o circunstancia persoal ou social.

Por último, a materia busca potenciar a autonomía das persoas adolescentes, procurando que adquiran a capacidade de elaborar libre e racionalmente un pensamento e un proxecto de vida propio, de maneira que poidan asumir progresivamente o control da súa propia existencia e exercer a súa liberdade, compromiso, solidariedade, xustiza e responsabilidade de modo consciente, crítico, reflexivo e fundamentado nun código ético de valores democráticos, recollidos na DUDH (respecto, non-violencia, liberdade, igualdade entre as persoas, solidariedade e pluralismo).

A materia de Valores Éticos é unha ferramenta que, máis que guiar ao alumno/a, pretende acompañalo na súa busca persoal e facilitar o diálogo e a colaboración cos seus compañeiros/as, coa finalidade de aprender a traballar en proxectos comúns, compartir obxectivos, respectar outros puntos de vista e resolver os problemas que xorden na convivencia e no traballo común, mediante

o diálogo. Así mesmo, o alumnado investigará e coñecerá de primeira man, moitas iniciativas solidarias e testemuñas de persoas e organizacións/entidades que aportan, cada día, o seu pequeno grao de area para facer que un mundo diferente sexa posible.

No relativo á metodoloxía, a materia require de estratexias de aprendizaxe que vinculen o proxecto de vida persoal coa realidade exterior da aula, entre elas destacar as metodoloxías didácticas activas e contextualizadas que facilitan a participación do alumnado e que lle confiren o papel de axente activo da súa propia formación (aprendizaxe cooperativa, a investigación de campo, a aprendizaxe de servizo e a comunidade de aprendizaxe).

Ademais a materia ofrece a oportunidade de afondar no tratamento dos elementos transversais do currículo, como a educación moral e cívica, a educación ambiental e do consumo - desenvolvemento sustentable-, a educación para a igualdade entre as persoas -o abuso e o maltrato de persoas con discapacidade-, a educación para o emprendemento e a participación activa, a educación para a igualdade entre os sexos; o fomento da igualdade de oportunidades e a educación para os DUDH e a paz, entre outros.

1.1. Referencias normativas

A presente programación foi confeccionada a partir das seguintes referencias normativas:

- Decreto 133/2007 polo que se regulan as ensinanzas de Educación Secundaria Obrigatoria (DOG do 13 de xullo) e na Orde do 6 de setembro de 2007 pola que se desenvolve a implantación da educación secundaria obrigatoria (DOG do 12);
- Orde do 21 de decembro de 2007 pola que se regula a avaliación na educación secundaria obrigatoria e na Circular 8/2009 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se regulan algunhas medidas de atención á diversidade.
- Decreto 126/2008, do 19 de xuño, polo que se establece a ordenación e o currículo de bacharelato (DOG do 23/06/2008). Orde do 20 de abril de 2010, pola que se modifica a Orde do 24 de xuño de 2008, pola que se desenvolve a organización e o currículo das ensinanzas de bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orden ECD/65/2015, de 21 de enero, por la que se describen las relaciones entre las competencias, los contenidos y los criterios de evaluación de la educación primaria, la educación secundaria obrigatoria y el bachillerato, *BOE*, 25, 29.01.2015
- DECRETO 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, *Diario Oficial de Galicia*, 120, 29.06.2015.

- RESOLUCIÓN do 27 de xullo de 2015, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións no curso académico 2015/16 para a implantación do currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.
- ORDE do 15 de xullo de 2015 pola que se establece a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, e se regula o seu currículo e a súa oferta.
- ORDE do 20 de maio de 2022 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2022/23 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.

2. Obxectivos da etapa

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

- l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.
- m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.
- n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
- o) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.
- p) Coñecer e valorar a importancia do uso do noso idioma como elemento fundamental para o mantemento da nosa identidade, e como medio de relación interpersonal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que nos comunica con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

2. Competencias clave

En relación coas capacidades que os alumnos e alumnas deben desenvolver para poder aplicar os diferentes contidos con éxito e acadar os obxectivos propios da etapa, as diferentes materias do departamento participan do xeito descrito en cada unha das táboas que compoñen os seguintes apartados. Recollemos aquí a listaxe que despois aparecerá abreviada:

- CCL: Comunicación lingüística.
- CMCCT: Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.
- CD: Competencia dixital.
- CAA: Aprender a aprender
- CSC: Competencias sociais e cívicas
- CSIEE: Sentido de iniciativa e espírito emprendedor

- CCEC: Conciencia e expresións culturais

4. Valores Éticos, 2º ESO**4.1 Obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias clave**

Nivel	Área	Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares - [C.C]
2º	VE	a,d,h,l	VE-B1.1-Conceptos de persoa achegados pola filosofía.	VE-B1.1-Construír un concepto de persoa, consciente de que esta é indefinible, valorando a dignidade que posúe polo feito de ser libre.	2º-VEB1.1.1-Sinala as dificultades para definir o concepto de persoa, analizando algunhas definicións achegadas por filósofos/as. [CCL]
2º	VE	a,c,d,h,l	VE-B1.2-Visión kantiana: a persoa como suxeito autónomo e como un fin en si mesma.	VE-B1.2-Identificar os conceptos de heteronomía e autonomía, mediante a concepción kantiana da persoa, coa finalidade de valorar a súa importancia e aplicala na realización da vida moral.	2º-VEB1.2.1-Explica a concepción kantiana do concepto de persoa, como suxeito autónomo capaz de ditar as súas propias normas morais. [CSC] 2º-VEB1.2.2-Comenta e valora a idea de Kant ao concibir a persoa como un fin en si mesma, rexeitando a posibilidade de ser tratada por outros como instrumento para alcanzar fins alleos a ela. [CSC]
2º	VE	a,b,d,h,l	VE-B1.3-Noción aristotélica da virtude: relación cos actos, os hábitos e o carácter. Virtudes éticas.	VE-B1.3-Entender a relación entre os actos, os hábitos e o desenvolvemento do carácter, mediante a comprensión do concepto de virtude en Aristóteles e, en especial, o relativo ás virtudes éticas, pola importancia que teñen no desenvolvemento da personalidade.	2º-VEB1.3.1-Sinala en que consiste a virtude e as súas características en Aristóteles, indicando a súa relación cos actos, os hábitos e o carácter. [CSC] 2º-VEB1.3.2-Enumera algúns dos beneficios que, segundo Aristóteles, achegan as virtudes éticas ao ser humano, identifica algunhas destas e ordénaas segundo un criterio racional. [CAA, CCL, CSC]
2º	VE	a,b,e,g,h	VE-B2.1-Diferenzas entre ética e dereito. VE-B2.2-Posibles conflitos entre os valores que regulan a vida privada e os que regulan a vida pública.	VE-B2.1-Distinguir, na persoa, os ámbitos da vida privada e da vida pública, a primeira regulada pola ética e a segunda polo dereito, coa finalidade de identificar os límites da liberdade persoal e social.	2º-VEB2.1.1-Distingue entre os ámbitos de acción que corresponden á ética e ao dereito, e expón as súas conclusións mediante unha presentación elaborada con medios informática [CCL, CD] 2º-VEB2.1.2-Reflexiona arredor do problema da relación entre estes dous campos, o privado e o público, e a posibilidade de que exista un conflito de valores éticos entre ambos, así como a forma de atopar unha solución baseada nos valores éticos, exemplificando de maneira concreta tales casos, e expón as súas posibles solucións fundamentadas

Nivel	Área	Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares - [C.C]
					eticamente. [CCL, CSC, CSIEE]
2º	VE	a,d,h	VE-B3.1-Diferenza entre ética e moral. VE-B3.2-Reflexión ética como guía racional de conduta.	VE-B3.1-Distinguir entre ética e moral, sinalando as semellanzas e as diferenzas entre elas, e estimando a importancia da reflexión ética como un saber práctico necesario para guiar de xeito racional a conduta do ser humano á súa plena realización.	2º-VEB3.1.1-Recoñece as diferenzas entre a ética e a moral, no que se refire á súa orixe e á súa finalidade. [CSC] 2º-VEB3.1.2-Achega razóns que xustifiquen a importancia da reflexión ética, como unha guía racional de conduta necesaria na vida do ser humano, expresando de forma apropiada os argumentos en que se fundamenta. [CSC]
2º	VE	a,b,d,g,h	VE-B3.3-Estrutura moral da persoa. VE-B3.4-Etapas do desenvolvemento moral en Piaget e Köhlerberg. Paso da heteronomía á autonomía moral.	VE-B3.2-Destacar o significado e a importancia da natureza moral do ser humano, analizando as súas etapas de desenvolvemento e tomando conciencia da necesidade que ten de normas éticas, libre e racionalmente asumidas, como guía do seu comportamento.	2º-VEB3.2.1-Sinala en que consiste a estrutura moral da persoa como ser racional e libre, razón pola que esta é responsable da súa conduta e das consecuencias desta. [CSC] 2º-VEB3.2.2-Explica as tres etapas do desenvolvemento moral na persoa, segundo a teoría de Piaget ou a de Köhlerberg, e as características propias de cada unha, destacando como se pasa da heteronomía á autonomía moral. [CCL, CSC]
2º	VE	a,g,h	VE-B3.5-A liberdade como raíz da estrutura moral da persoa.	VE-B3.3-Recoñecer que a liberdade constitúe a raíz da estrutura moral na persoa, e apreciar o papel da intelixencia e da vontade como factores que incrementan a capacidade de autodeterminación.	2º-VEB3.3.1-Describe a relación entre a liberdade e os conceptos de persoa e estrutura moral. [CCL]
2º	VE	a,b,c,d,e,g,h	VE-B3.6-Características distintivas dos valores éticos. VE-B3.7-Valores éticos e dignidade humana.	VE-B3.4-Resaltar a importancia dos valores éticos, as súas especificacións e a súa influencia na vida persoal e social do ser humano, destacando a necesidade de ser recoñecidos e respectados por todos.	2º-VEB3.4.1-Describe as características distintivas dos valores éticos, utilizando exemplos concretos deles e apreciando a súa relación esencial coa dignidade humana e a conformación dunha personalidade xusta e satisfactoria. [CCL] 2º-VEB3.4.2-Emprega o espírito emprendedor para realizar, en grupo, unha campaña destinada a difundir a importancia de respectar os valores éticos, tanto na vida persoal como na social. [CSC, CSIEE]

Nivel	Área	Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares - [C.C]
2º	VE	a,b,h,l	VE-B3.8-Normas. Especificidade das normas éticas. VE-B3.9-Relativismo moral dos sofistas. VE-B3.10-Intelectualismo moral en Sócrates e Platón. VE-B3.11-Relativismo moral fronte a obxectivismo moral.	VE-B3.5-Establecer o concepto de normas éticas e apreciar a súa importancia, identificando as súas características e a natureza da súa orixe e validez, mediante o coñecemento do debate ético que existiu entre Sócrates e os sofistas.	2º-VEB3.5.1-Define o concepto de norma e de norma ética, distinguíndoa das normas xurídicas, relixiosas, etc. [CCL] 2º-VEB3.5.2-Sinala quen foron os sofistas e algúns dos feitos e das razóns en que se fundamentaba a súa teoría relativista da moral, destacando as consecuencias que esta ten na vida das persoas. [CCEC] 2º-VEB3.5.3-Coñece os motivos que levaron a Sócrates a afirmar o "intelectualismo moral", e explica en que consiste e a postura de Platón ao respecto. [CCEC] 2º-VEB3.5.4-Compara o relativismo e o obxectivismo moral apreciando a vixencia destas teorías éticas na actualidade, e expresa opinións de forma argumentada. [CCL, CSC]
2º	VE	b,e,g,h,l	VE-B3.12-Clasificación das teorías éticas: éticas de fins e éticas procedementais. VE-B3.13-A ética de Epicuro como ética de fins.	VE-B3.6-Explicar as características e os obxectivos das teorías éticas, así como a súa clasificación en éticas de fins e procedementais, sinalando os principios máis destacados do hedonismo de Epicuro.	2º-VEB3.6.1-Enuncia os elementos distintivos das "teorías éticas" e argumenta a súa clasificación en éticas de fins e éticas procedementais, e elabora un esquema coas súas características máis destacadas. [CAA, CCL] 2º-VEB3.6.2-Enuncia os aspectos fundamentais da teoría hedonista de Epicuro e os valores éticos que defende, destacando as características que a identifican como unha ética de fins. [CCEC] 2º-VEB3.6.3-Elabora, en colaboración co grupo, argumentos a favor e/ou en contra do epicureísmo, e expón as súas conclusións cos argumentos racionais correspondentes. [CAA, CCL]
2º	VE	b,h,l	VE-B3.14-O eudemonismo aristotélico como ética de fins. VE-B3.15-O ben supremo da persoa en Aristóteles e as tres tendencias da alma.	VE-B3.7-Entender os principais aspectos do eudemonismo aristotélico, identificándoo como unha ética de fins e valorando a súa importancia e a vixencia actuais.	2º-VEB3.7.1-Explica o significado do termo "eudemonismo" e o que para Aristóteles significa a felicidade como ben supremo, e elabora e expresa conclusións. [CCL] 2º-VEB3.7.2-Distingue os tres tipos de tendencias que hai no ser humano, segundo Aristóteles, e a súa relación co que el considera como ben supremo da persoa. [CCEC] 2º-VEB3.7.3-Achega razóns para clasificar o eudemonismo de Aristóteles dentro da categoría da ética de fins. [CCL]
2º	VE	b,g,h,l	VE-B3.16-O utilitarismo como ética de fins: principio de	VE-B3.8-Comprender os elementos máis significativos da ética utilitarista e a súa	2º-VEB3.8.1-Fai unha recensión das ideas fundamentais da ética utilitarista: o principio de utilidade, o concepto de

Nivel	Área	Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares - [C.C]
			utilidade; concepto de pracer; compatibilidade do egoísmo individual co altruísmo universal; localización do valor moral nas consecuencias da acción.	relación co hedonismo de Epicuro, clasificándoa como unha ética de fins e elaborando argumentos que apoiem a súa valoración persoal arredor desta formulación ética.	pracer, a compatibilidade do egoísmo individual co altruísmo universal e a localización do valor moral nas consecuencias da acción, entre outras. [CCL] 2º-VEB3.8.2-Enumera as características que fan do utilitarismo e do epicureísmo unhas éticas de fins. [CCEC] 2º-VEB3.8.3-Argumenta racionalmente as súas opinións sobre a ética utilitarista. [CCL, CSIEE]
2º	VE	a,b,e,h,l	VE-B4.1-Relación entre ética, política e xustiza no pensamento aristotélico. VE-B4.2-Semellanzas, diferenzas e relacións entre valores éticos e valores cívicos.	VE-B4.1-Comprender e valorar a importancia da relación entre os conceptos de ética, política e xustiza, mediante a análise e a definición destes termos, destacando o vínculo entre eles no pensamento de Aristóteles.	2º-VEB4.1.1-Explica e aprecia as razóns que dá Aristóteles para establecer un vínculo necesario entre ética, política e xustiza. [CCEC] 2º-VEB4.1.2-Utiliza e selecciona información sobre os valores éticos e cívicos, identificando e apreciando as semellanzas, as diferenzas e as relacións entre eles. [CAA]
2º	VE	b,e,g,h,l	VE-B4.3-A política de Aristóteles. VE-B4.4-Concepto aristotélico de xustiza e a súa relación co ben común e a felicidade.	VE-B4.2-Coñecer e apreciar a política de Aristóteles e as súas características esenciais, e entender o seu concepto de xustiza e a súa relación co ben común e a felicidade, elaborando un xuízo crítico sobre a perspectiva deste filósofo.	2º-VEB4.2.1-Elabora, recorrendo á súa iniciativa persoal, unha presentación con soporte informático, sobre a política aristotélica como unha teoría organicista, cunha finalidade ética e que atribúe a función educativa ao Estado. [CSIEE, CD, CSC] 2º-VEB4.2.2-Selecciona e usa información, en colaboración co grupo, para entender e apreciar a importancia que Aristóteles lle dá á xustiza como valor ético no que se fundamenta a lexitimidade do Estado e a súa relación coa felicidade e o ben común, e expón as súas conclusións persoais debidamente fundamentadas. [CAA, CCL]
2º	VE	b,e,h	VE-B5.1-Relacións entre ética e dereito.	VE-B5.1-Sinalar a vinculación entre a ética, o dereito e a xustiza, a través do coñecemento das súas semellanzas, diferenzas e relacións.	2º-VEB5.1.1-Procura e selecciona información en páxinas web, para identificar as diferenzas, as semellanzas e os vínculos entre a ética e o dereito. fundamentadas. [CCL, CD]
2º	VE	a,b,d,e,f,g,h,m	VE-B6.1-Dimensión moral da ciencia e da tecnoloxía polo seu impacto en todos os	VE-B6.1-Recoñecer a importancia da dimensión moral da ciencia e a tecnoloxía, así como a necesidade de	2º-VEB6.1.1-Utiliza información de distintas fontes para analizar a dimensión moral da ciencia e a tecnoloxía, avaliando o impacto positivo e negativo que estas poden ter

Nivel	Área	Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares - [C.C]
			<p>ámbitos da vida humana.</p> <p>VE-B6.2-Valores recollidos na DUDH como criterio para fixar límites á investigación científico-tecnolóxica.</p>	<p>establecer límites éticos e xurídicos, coa finalidade de orientar a súa actividade consonte os valores defendidos pola DUDH.</p>	<p>en todos os ámbitos da vida humana (social, económico, político, ético e ecolóxico, etc.). [CAA, CMCT, CSC]</p> <p>2º-VEB6.1.2-Achega argumentos que fundamenten a necesidade de pór límites éticos e xurídicos á investigación práctica, tanto científica como tecnolóxica, tomando a dignidade humana e os valores éticos recoñecidos na DUDH como criterio normativo. [CCL, CMCT, CSC]</p> <p>2º-VEB6.1.3-Recorre á súa iniciativa persoal para expor as súas conclusións sobre o tema tratado, utilizando medios informáticos e audiovisuais, de xeito argumentado e ordenado racionalmente. [CD, CSIEE]</p>
2º	VE	a,d,g,m	VE-B6.3-Problemas da tecnodependencia.	VE-B6.2-Entender e valorar o problema da tecnodependencia e a alienación humana á que conduce.	2º-VEB6.2.1-Destaca o problema e o perigo que representa para o ser humano a tecnodependencia, sinalando os seus síntomas e as súas causas, e estimando as súas consecuencias negativas, como unha adición incontrolada aos dispositivos electrónicos, aos videoxogos e ás redes sociais, que conduce as persoas cara a unha progresiva deshumanización. [CMCT]
2º	VE	a,b,d,e,f,g,h,m	VE-B6.4-Dilemas morais que presentan os avances en medicina e biotecnoloxía.	VE-B6.3-Utilizar os valores éticos contidos na DUDH no campo científico e tecnolóxico, coa finalidade de evitar a súa aplicación inadecuada e solucionar os dilemas morais que ás veces se presentan, nomeadamente no terreo da medicina e a biotecnoloxía.	<p>2º-VEB6.3.1-Analiza información seleccionada de diversas fontes, coa finalidade de coñecer en que consisten algúns dos avances en medicina e biotecnoloxía, que formulan dilemas morais (utilización de células nai, clonación, euxeñese, etc.), sinalando algúns perigos que estes encerran de prescindir do respecto á dignidade humana e os seus valores fundamentais. [CCL, CMCT, CSC]</p> <p>2º-VEB6.3.2-Presenta unha actitude de tolerancia e respecto ante as opinións que se expresan na confrontación de ideas,</p>

Nivel	Área	Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares - [C.C]
					coa finalidade de solucionar os dilemas éticos, sen esquecer a necesidade de empregar o rigor na fundamentación racional e ética de todas as alternativas de solución formuladas. [CSC, CSIEE]

4.2 Criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias clave. Contidos mínimos esixibles

Criterio de avaliación	Estándares	Grao mínimo para superar a área Indicador mínimo de logro	T 1	T 2	T 3	CRITERIOS PARA A CUALIFICACIÓN	C.C.
						Instrumentos de avaliación / Procedementos de avaliación (%)*	
VE-B1.1	2º-VEB1.1.1 - Sinala as dificultades para definir o concepto de persoa, analizando algunhas definicións achegadas por filósofos/as. Peso: 2.63%	Sinala as dificultades para definir o concepto de persoa.	X			P: Observación sistemática. I: Escala de observación.	CCL
VE-B1.2	2º-VEB1.2.1 - Explica a concepción kantiana do concepto de persoa, como suxeito autónomo capaz de ditar as súas propias normas morais. Peso: 2.63%	Explica a concepción kantiana do concepto de persoa.	X			P: Análise das producións dos alumnos/as. I: Caderno de clase.	CSC
VE-B1.2	2º-VEB1.2.2 - Comenta e valora a idea de Kant ao concibir a persoa como un fin en si mesma, rexeitando a posibilidade de ser tratada por outros como instrumento para alcanzar fins alleos a ela. Peso: 2.63%	Comenta e valora a idea de Kant ao concibir a persoa como un fin en si mesma.	X			P: Intercambios orais cos alumnos/as. I: Asamblea.	CSC
VE-B1.3	2º-VEB1.3.1 - Sinala en que consiste a virtude e as súas características en Aristóteles, indicando a súa relación cos actos, os hábitos e o carácter.	Sinala en que consiste a virtude e as súas características en Aristóteles, indicando a súa relación cos actos,	X			P: Análise das producións dos alumnos/as. I: Caderno de clase.	CSC

Criterio de avaliación	Estándares	Grao mínimo para superar a área Indicador mínimo de logro	T 1	T 2	T 3	CRITERIOS PARA A CUALIFICACIÓN	C.C.
						Instrumentos de avaliación / Procedementos de avaliación (%)*	
	Peso: 2.63%	os hábitos e o carácter.					
VE-B1.3	2º-VEB1.3.2 - Enumera algúns dos beneficios que, segundo Aristóteles, achegan as virtudes éticas ao ser humano, identifica algunhas destas e ordénaas segundo un criterio racional. Peso: 2.63%	Enumera algúns dos beneficios que, segundo Aristóteles, achegan as virtudes éticas ao ser humano.	X			P: Análise das producións dos alumnos/as. I: Caderno de clase.	CAA, CCL, CSC
VE-B2.1	2º-VEB2.1.1 - Distingue entre os ámbitos de acción que corresponden á ética e ao dereito, e expón as súas conclusións mediante unha presentación elaborada con medios informática Peso: 2.63%	Distingue entre os ámbitos de acción que corresponden á ética e ao dereito, e expón as súas conclusións mediante unha presentación elaborada coas TIC.	X			P: Observación sistemática. I: Escala de observación.	CCL, CD
VE-B2.1	2º-VEB2.1.2 - Reflexiona arredor do problema da relación entre estes dous campos, o privado e o público, e a posibilidade de que exista un conflito de valores éticos entre ambos, así como a forma de atopar unha solución baseada nos valores éticos, exemplificando de maneira concreta tales casos, e expón as súas posibles solucións fundamentadas eticamente. Peso: 2.63%	Reflexiona arredor do problema da relación entre estes dous campos, o privado e o público.	X			P: Intercambios orais cos alumnos/as. I: Asamblea.	CCL, CSC, CSIE E
VE-B3.1	2º-VEB3.1.1 - Recoñece as diferenzas entre a ética e a moral, no que se refire á súa orixe e á súa finalidade. Peso: 2.63%	Recoñece as diferenzas entre a ética e a moral, no que se refire á súa orixe e á súa finalidade.		X		P: Observación sistemática. I: Escala de observación.	CSC
VE-B3.1	2º-VEB3.1.2 - Achega razóns que xustifiquen a importancia da reflexión ética, como unha guía racional de conduta necesaria na vida do ser humano, expresando de forma apropiada os argumentos en que se fundamenta.	Achega razóns que xustifiquen a importancia da reflexión ética.		X		P: Intercambios orais cos alumnos/as. I: Asamblea.	CSC

Criterio de avaliación	Estándares	Grao mínimo para superar a área Indicador mínimo de logro	T 1	T 2	T 3	CRITERIOS PARA A CUALIFICACIÓN	C.C.
						Instrumentos de avaliación / Procedementos de avaliación (%)*	
	Peso: 2.63%						
VE-B3.2	2º-VEB3.2.1 - Sinala en que consiste a estrutura moral da persoa como ser racional e libre, razón pola que esta é responsable da súa conduta e das consecuencias desta. Peso: 2.63%	Sinala en que consiste a estrutura moral da persoa como ser racional e libre.		X		P: Observación sistemática. I: Escala de observación.	CSC
VE-B3.2	2º-VEB3.2.2 - Explica as tres etapas do desenvolvemento moral na persoa, segundo a teoría de Piaget ou a de Köhlerberg, e as características propias de cada unha, destacando como se pasa da heteronomía á autonomía moral. Peso: 2.63%	Explica as tres etapas do desenvolvemento moral na persoa, segundo a teoría de Piaget.		X		P: Análise das producións dos alumnos/as. I: Caderno de clase.	CCL, CSC
VE-B3.3	2º-VEB3.3.1 - Describe a relación entre a liberdade e os conceptos de persoa e estrutura moral. Peso: 2.63%	Describe a relación entre a liberdade e os conceptos de persoa e estrutura moral.		X		P: Observación sistemática. I: Escala de observación.	CCL
VE-B3.4	2º-VEB3.4.1 - Describe as características distintivas dos valores éticos, utilizando exemplos concretos deles e apreciando a súa relación esencial coa dignidade humana e a conformación dunha personalidade xusta e satisfactoria. Peso: 2.63%	Describe as características distintivas dos valores éticos.		X		P: Análise das producións dos alumnos/as. I: Traballo de aplicación e síntese.	CCL
VE-B3.4	2º-VEB3.4.2 - Emprega o espírito emprendedor para realizar, en grupo, unha campaña destinada a difundir a importancia de respectar os valores éticos, tanto na vida persoal como na social. Peso: 2.63%	Emprega o espírito emprendedor para realizar, en grupo, unha campaña destinada a difundir a importancia de respectar os valores éticos.		X		P: Análise das producións dos alumnos/as. I: Traballo de aplicación e síntese.	CSC, CSIE E
VE-B3.5	2º-VEB3.5.1 - Define o concepto de norma e de norma ética, distinguíndoa das normas xurídicas, relixiosas,	Define o concepto de norma e de norma ética, distinguíndoa das		X		P: Análise das producións dos alumnos/as.	CCL

Criterio de avaliación	Estándares	Grao mínimo para superar a área Indicador mínimo de logro	T 1	T 2	T 3	CRITERIOS PARA A CUALIFICACIÓN	C.C.
						Instrumentos de avaliación / Procedementos de avaliación (%)*	
	etc. Peso: 2.63%	normas xurídicas, relixiosas, etc.				I: Caderno de clase.	
VE-B3.5	2º-VEB3.5.2 - Sinala quen foron os sofistas e algúns dos feitos e das razóns en que se fundamentaba a súa teoría relativista da moral, destacando as consecuencias que esta ten na vida das persoas. Peso: 2.63%	Sinala quen foron os sofistas e algúns dos feitos e das razóns en que se fundamentaba a súa teoría relativista da moral.		X		P: Análise das producións dos alumnos/as. I: Caderno de clase.	CCEC
VE-B3.5	2º-VEB3.5.3 - Coñece os motivos que levaron a Sócrates a afirmar o "intelectualismo moral", e explica en que consiste e a postura de Platón ao respecto. Peso: 2.63%	Coñece os motivos que levaron a Sócrates a afirmar o "intelectualismo moral", e explica en que consiste e a postura de Platón ao respecto.		X		P: Intercambios orais cos alumnos/as. I: Asamblea.	CCEC
VE-B3.5	2º-VEB3.5.4 - Compara o relativismo e o obxectivismo moral apreciando a vixencia destas teorías éticas na actualidade, e expresa opinións de forma argumentada. Peso: 2.63%	Compara o relativismo e o obxectivismo moral apreciando a vixencia destas teorías éticas na actualidade, e expresa opinións de forma argumentada.		X		P: Intercambios orais cos alumnos/as. I: Asamblea.	CCL, CSC
VE-B3.6	2º-VEB3.6.1 - Enuncia os elementos distintivos das "teorías éticas" e argumenta a súa clasificación en éticas de fins e éticas procedementais, e elabora un esquema coas súas características máis destacadas. Peso: 2.63%	Enuncia os elementos distintivos das "teorías éticas.		X		P: Análise das producións dos alumnos/as. I: Caderno de clase.	CAA, CCL
VE-B3.6	2º-VEB3.6.2 - Enuncia os aspectos fundamentais da teoría hedonista de Epicuro e os valores éticos que defende, destacando as características que a identifican como unha ética de fins. Peso: 2.63%	Enuncia os aspectos fundamentais da teoría hedonista de Epicuro e os valores éticos que defende, destacando as características que a identifican como unha ética de fins.		X		P: Análise das producións dos alumnos/as. I: Caderno de clase.	CCEC
VE-B3.6	2º-VEB3.6.3 - Elabora, en colaboración co grupo, argumentos a favor e/ou en contra do epicureísmo, e	Elabora, en colaboración co grupo, argumentos a favor e/ou en contra		X		P: Intercambios orais cos alumnos/as.	CAA, CCL

Criterio de avaliación	Estándares	Grao mínimo para superar a área Indicador mínimo de logro	T 1	T 2	T 3	CRITERIOS PARA A CUALIFICACIÓN	C.C.
						Instrumentos de avaliación / Procedementos de avaliación (%)*	
	expón as súas conclusións cos argumentos racionais correspondentes. Peso: 2.63%	do epicureísmo, e expón as súas conclusións cos argumentos racionais correspondentes.				I: Asamblea.	
VE-B3.7	2º-VEB3.7.1 - Explica o significado do termo "eudemonismo" e o que para Aristóteles significa a felicidade como ben supremo, e elabora e expresa conclusións. Peso: 2.63%	Explica o significado do termo "eudemonismo" e o que para Aristóteles significa a felicidade como ben supremo.		X		P: Análise das producións dos alumnos/as. I: Caderno de clase.	CCL
VE-B3.7	2º-VEB3.7.2 - Distingue os tres tipos de tendencias que hai no ser humano, segundo Aristóteles, e a súa relación co que el considera como ben supremo da persoa. Peso: 2.63%	Distingue os tres tipos de tendencias que hai no ser humano.		X		P: Observación sistemática. I: Escala de observación.	CCEC
VE-B3.7	2º-VEB3.7.3 - Achega razóns para clasificar o eudemonismo de Aristóteles dentro da categoría da ética de fins. Peso: 2.63%	Achega razóns para clasificar o eudemonismo de Aristóteles dentro da categoría da ética de fins.		X		P: Intercambios orais cos alumnos/as. I: Asamblea.	CCL
VE-B3.8	2º-VEB3.8.1 - Fai unha recensión das ideas fundamentais da ética utilitarista: o principio de utilidade, o concepto de pracer, a compatibilidade do egoísmo individual co altruísmo universal e a localización do valor moral nas consecuencias da acción, entre outras. Peso: 2.63%	Fai unha recensión das ideas fundamentais da ética utilitarista.		X		P: Análise das producións dos alumnos/as. I: Caderno de clase.	CCL
VE-B3.8	2º-VEB3.8.2 - Enumera as características que fan do utilitarismo e do epicureísmo unhas éticas de fins. Peso: 2.63%	Enumera as características que fan do utilitarismo e do epicureísmo unhas éticas de fins.		X		P: Análise das producións dos alumnos/as. I: Caderno de clase.	CCEC
VE-B3.8	2º-VEB3.8.3 - Argumenta racionalmente as súas	Argumenta racionalmente as súas		X		P: Intercambios orais cos	CCL,

Criterio de avaliación	Estándares	Grao mínimo para superar a área Indicador mínimo de logro	T 1	T 2	T 3	CRITERIOS PARA A CUALIFICACIÓN	C.C.
						Instrumentos de avaliación / Procedementos de avaliación (%)*	
	opinións sobre a ética utilitarista. Peso: 2.63%	opinións sobre a ética utilitarista.				alumnos/as. I: Asamblea.	CSIE E
VE-B4.1	2º-VEB4.1.1 - Explica e aprecia as razóns que dá Aristóteles para establecer un vínculo necesario entre ética, política e xustiza. Peso: 2.63%	Explica e aprecia as razóns que dá Aristóteles para establecer un vínculo necesario entre ética, política e xustiza.		X		P: Observación sistemática. I: Escala de observación.	CCEC
VE-B4.1	2º-VEB4.1.2 - Utiliza e selecciona información sobre os valores éticos e cívicos, identificando e apreciando as semellanzas, as diferenzas e as relacións entre eles. Peso: 2.63%	Utiliza e selecciona información sobre os valores éticos e cívicos, identificando e apreciando as semellanzas, as diferenzas e as relacións entre eles.		X		P: Observación sistemática. I: Escala de observación.	CAA
VE-B4.2	2º-VEB4.2.1 - Elabora, recorrendo á súa iniciativa persoal, unha presentación con soporte informático, sobre a política aristotélica como unha teoría organicista, cunha finalidade ética e que atribúe a función educativa ao Estado. Peso: 2.63%	Elabora unha presentación con soporte informático, sobre a política aristotélica como unha teoría organicista, cunha finalidade ética e que atribúe a función educativa ao Estado.		X		P: Análise das producións dos alumnos/as. I: Traballo de aplicación e síntese.	CSIE E, CD, CSC
VE-B4.2	2º-VEB4.2.2 - Selecciona e usa información, en colaboración co grupo, para entender e apreciar a importancia que Aristóteles lle dá á xustiza como valor ético no que se fundamenta a lexitimidade do Estado e a súa relación coa felicidade e o ben común, e expón as súas conclusións persoais debidamente fundamentadas. Peso: 2.63%	Selecciona e usa información, en colaboración co grupo, para entender e apreciar a importancia que Aristóteles lle dá á xustiza.		X		P: Análise das producións dos alumnos/as. I: Traballo de aplicación e síntese.	CAA, CCL
VE-B5.1	2º-VEB5.1.1 - Procura e selecciona información en páxinas web, para identificar as diferenzas, as semellanzas e os vínculos entre a ética e o dereito.	Procura e selecciona información en páxinas web, para identificar as diferenzas, as semellanzas e os			X	P: Observación sistemática. I: Escala de observación.	CCL, CD

Criterio de avaliación	Estándares	Grao mínimo para superar a área Indicador mínimo de logro	T 1	T 2	T 3	CRITERIOS PARA A CUALIFICACIÓN	C.C.
						Instrumentos de avaliación / Procedementos de avaliación (%)*	
	fundamentadas. Peso: 2.63%	vínculos entre a ética e o dereito. fundamentadas.					
VE-B6.1	2º-VEB6.1.1 - Utiliza información de distintas fontes para analizar a dimensión moral da ciencia e a tecnoloxía, avaliando o impacto positivo e negativo que estas poden ter en todos os ámbitos da vida humana (social, económico, político, ético e ecolóxico, etc.). Peso: 2.63%	Utiliza información de distintas fontes para analizar a dimensión moral da ciencia e a tecnoloxía.			X	P: Observación sistemática. I: Escala de observación.	CAA, CMCT , CSC
VE-B6.1	2º-VEB6.1.2 - Achega argumentos que fundamenten a necesidade de pór límites éticos e xurídicos á investigación práctica, tanto científica como tecnolóxica, tomando a dignidade humana e os valores éticos recoñecidos na DUDH como criterio normativo. Peso: 2.63%	Achega argumentos que fundamenten a necesidade de pór límites éticos e xurídicos á investigación práctica.			X	P: Intercambios orais cos alumnos/as. I: Asamblea.	CCL, CMCT , CSC
VE-B6.1	2º-VEB6.1.3 - Recorre á súa iniciativa persoal para expor as súas conclusións sobre o tema tratado, utilizando medios informáticos e audiovisuais, de xeito argumentado e ordenado racionalmente. Peso: 2.63%	Recorre á súa iniciativa persoal para expor as súas conclusións sobre o tema tratado, utilizando medios informáticos e audiovisuais, de xeito argumentado e ordenado racionalmente.			X	P: Análise das producións dos alumnos/as. I: Traballo de aplicación e síntese.	CD, CSIE E
VE-B6.2	2º-VEB6.2.1 - Destaca o problema e o perigo que representa para o ser humano a tecnodependencia, sinalando os seus síntomas e as súas causas, e estimando as súas consecuencias negativas, como unha adición incontrolada aos dispositivos electrónicos, aos videoxogos e ás redes sociais, que conduce as persoas cara a unha progresiva deshumanización. Peso: 2.63%	Destaca o problema e o perigo que representa para o ser humano a tecnodependencia.			X	P: Análise das producións dos alumnos/as. I: Traballo de aplicación e síntese.	CMCT

Criterio de avaliación	Estándares	Grao mínimo para superar a área Indicador mínimo de logro	T 1	T 2	T 3	CRITERIOS PARA A CUALIFICACIÓN	C.C.
						Instrumentos de avaliación / Procedementos de avaliación (%)*	
VE-B6.3	2º-VEB6.3.1 - Analiza información seleccionada de diversas fontes, coa finalidade de coñecer en que consisten algúns dos avances en medicina e biotecnoloxía, que formulan dilemas morais (utilización de células nai, clonación, euxeñese, etc.), sinalando algúns perigos que estes encerran de prescindir do respecto á dignidade humana e os seus valores fundamentais. Peso: 2.63%	Analiza información seleccionada de diversas fontes co referencia ao traballo requerido.			X	P: Análise das producións dos alumnos/as. I: Traballo de aplicación e síntese.	CCL, CMCT, CSC
VE-B6.3	2º-VEB6.3.2 - Presenta unha actitude de tolerancia e respecto ante as opinións que se expresan na confrontación de ideas, coa finalidade de solucionar os dilemas éticos, sen esquecer a necesidade de empregar o rigor na fundamentación racional e ética de todas as alternativas de solución formuladas. Peso: 2.63%	Presenta unha actitude de tolerancia e respecto ante as opinións que se expresan na confrontación de ideas, coa finalidade de solucionar os dilemas éticos, sen esquecer a necesidade de empregar o rigor na fundamentación racional e ética de todas as alternativas de solución formuladas.			X	P: Observación sistemática. I: Escala de observación.	CSC, CSIE, E

* Indícase entre paréntese a porcentaxe de ponderación de cada instrumento de avaliación, no caso de haber máis dun, de cara a obter a cualificación final.

5. VALORES ÉTICOS 4º ESO

5.1 Obxetivos

- a) Argumentar os valores e os principios éticos da DUDH como base das democracias dos séculos XX e XXI.
- b) Sinalar a importancia da participación cidadá nos aspectos políticos do Estado para asegurar unha democracia que defenda os dereitos humanos.
- c) Resaltar o deber ético e cívico dos cidadáns para asumir a democracia como unha forma de vida, sendo conscientes dos riscos aos que está sometida para poder tomar as medidas oportunas.
- d) Apreciar o valor do «Estado de dereito» e da «división de poderes» como eixes vertebradores do Estado democrático.
- e) Recoñecer e respectar os fundamentos da Constitución española de 1978, resaltando os valores nos que se asenta e os deberes e os dereitos que ten o indivi- duo para asumir os principios de convivencia recoñecidos polo Estado español.
- f) Realizar unha lectura comprensiva dalgúns artigos da Constitución española relativos aos dereitos e aos deberes cidadáns e aos seus principios reitores.
- g) Valorar a adecuación dos dereitos e dos deberes da Constitución española á Declaración Universal dos Dereitos Humanos para asumir de forma consciente e responsable os principios de convivencia que deben rexer no Estado español.
- h) Identificar os principios fundamentais da política social e económica do Estado español, e a súa fundamentación ética.
- i) Comprender os aspectos principais da UE para valorar a súa utilidade e as cousas que se están a conseguir.
- j) Describir as consecuencias derivadas da xustificación das normas xurídicas, a través da reflexión sobre diversas teorías, para poder opinar de forma razoada sobre a base éticas das leis.
- k) Estudar as teorías do dereito natural ou iusnaturalismo e o convencionalismo, sinalando a súa interpretación no pensamento xurídico dalgúns filósofos.
- l) Adquirir unha opinión coherente sobre a fundamentación ética das leis a través da comprensión da teoría positivista do dereito de Kelsen, así como da súa com- paración co convencionalismo e o iusnaturalismo.
- m) Coñecer como se creou a ONU e o momento histórico que impulsou a elaboración da DUDH, destacando o seu valor como fundamento ético universal da lexi-

timidade do dereito e dos Estados.

- n) Entender o contexto histórico e político no que se elaborou a DUDH e recoñecer tanto a súa estrutura e o seu contido como os retos actuais que supoñen a súa aplicación.
- o) Entender e valorar o contido da DUDH, facendo especial fincapé no respecto á dignidade humana como base de todos os dereitos humanos.
- p) Valorar as características dos «dereitos humanos», considerando o seu desenvolvemento histórico como unha conquista da humanidade.
- q) Analizar os problemas aos que se enfronta a aplicación da DUDH na actualidade, resaltando as iniciativas que realizan institucións e ONG para defender os dereitos humanos dos que non teñen a oportunidade de exercelos.
- r) Coñecer o panorama actual respecto ao exercicio dos dereitos da muller e da infancia en gran parte do mundo, coñecendo as causas da situación e tomando conciencia delas, co fin de promover a súa solución.
- s) Utilizar os valores éticos da DUDH como criterio para establecer límites éticos e xurídicos á actividade científica e tecnolóxica, evitando así unha aplicación indebida e facilitando a resolución dos dilemas morais que adoitan presentarse nos campos da medicina e da biotecnoloxía.
- t) Tomar conciencia da falta de neutralidade de certas investigacións científicas actuais, cuxos obxectivos non respectan un código ético fundamentado na DUDH, en prol dun falso progreso e prexudicando as persoas ou o ambiente.
- u) Identificar pautas e investigacións científicas que non respectan o código ético fundamentado na DUDH.
- v) Coñecer que é a tecnociencia e avaliar o seu impacto negativo no ambiente.
- w) Entender os problemas que a dependencia da tecnoloxía lle provoca ao ser humano.

5.2 Criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias clave

CA	Criterios de avaliación	EA	Estándar de aprendizaxe	IML	Indicador mínimo de logro	T	Trimestre	CPC	Criterios para a cualificación	
CA	EA		IML			T1	T2	T3	CPC	CC
B1.1	VEB1.1.1. Identifica a orixe dos dereitos inalienables e universais que establece a DUDH na dignidade do ser humano en tanto que persoa e os atributos inherentes á súa natureza.		Sinala os dereitos que establece a DUDH.					PROCEDEMENTOS: Análise da produción do alumnado INSTRUMENTOS: Caderno, traballos e debates	CSC	
B 1.2	VEB1.1.2. Identifica na DUDH os atributos esenciais do ser humano: razón, conciencia e liberdade.		Identifica na DUDH os atributos esenciais do ser humano: razón, conciencia e liberdade.					PROCEDEMENTOS: Análise da produción do alumnado INSTRUMENTOS: Caderno, traballos e debates	CCL	
B1.3	VEB1.1.3. Relaciona adecuadamente os termos e as expresións seguintes, que se utilizan na DUDH: dignidade da persoa, fraternidade, liberdade humana, trato digno, xuízo xusto, trato inhumano ou degradante, detención arbitraria, presunción de inocencia, discriminación, violación de dereitos, etc.		Define: dignidade da persoa, fraternidade, liberdade humana, trato digno, xuízo xusto, trato inhumano ou degradante, detención arbitraria, presunción de inocencia, discriminación, violación de dereitos, etc.					PROCEDEMENTOS: Análise da produción do alumnado INSTRUMENTOS: Caderno e debates	CAA	
B 2.1	VEB2.1.1. Comenta, segundo o establecido pola DUDH nos artigos do 12 ao 17, os dereitos do individuo que o Estado debe respectar e fomentar, nas relacións existentes entre ambos		Sinala os dereitos do individuo que establece a DUDH					PROCEDEMENTOS: Análise da produción do alumnado INSTRUMENTOS: Caderno, traballos	CCL	

B 2.1	VEB2.1.2. Explica os límites do Estado que establece a DUDH nos artigos do 18 ao 21, ao determinar as liberdades dos cidadáns e das cidadás que este debe protexer e respectar.	Localiza os límites do Estado na DUDH				PROCEDEMENTOS: Análise da produción do alumnado INSTRUMENTOS: Caderno, traballos	CCL
B2.1	VEB2.1.3. Elabora unha presentación con soporte informático e audiovisual que ilustre os contidos	Fai unha presentación sobre o aprendido na DUDH				PROCEDEMENTOS: Análise da produción do alumnado	CCL CD

	máis sobresaíntes tratados no tema, e expón as súas conclusións de xeito argumentado.					INSTRUMENTOS: Traballo	CSIEE
B2.2	VEB2.2.1. Describe e avalía o proceso de socialización global, mediante o que se produce a interiorización de valores, normas, costumes, etc.	Comprende o proceso de socialización.				PROCEDEMENTOS: Análise da produción do alumnado INSTRUMENTOS: Debates e caderno	CCEC CCL
B2.3	VEB2.2.2. Sinala os perigos que encerra o fenómeno da socialización global se se desenvolve á marxe dos valores éticos universais, e debate acerca da necesidade de establecer límites éticos e xurídicos neste tema.	Indica perigos dunha socialización global sen límites e propón solucións.				PROCEDEMENTOS: Análise da produción do alumnado INSTRUMENTOS: Debates	CSC
B2.4	VEB2.2.3. Diserta acerca do impacto que teñen os medios de comunicación masiva na vida moral das persoas e da sociedade, expresando as súas opinións con rigor intelectual.	Identifica nos medios de comunicación noticias sesgadas				PROCEDEMENTOS: Análise da produción do alumnado INSTRUMENTOS: Caderno, traballos	CCEC CCL
B2.4	VEB2.2.4. Valora a necesidade dunha regulación ética e xurídica en relación co uso de medios de comunicación masiva, respectando o dereito á información e á liberdade de expresión que posúen os cidadáns e as cidadás.	Debate sobre a necesidade de regular aos medios de comunicación, sen coartar o dereito da liberdade de expresión.				PROCEDEMENTOS: Análise da produción do alumnado INSTRUMENTOS: Debate	CCEC CSC
B3.1	VEB3.1.1. Xustifica racionalmente e estima a importancia da reflexión ética no século XXI, como instrumento de protección dos dereitos humanos ante o perigo que poden representar entes posuidores de grandes intereses políticos e económicos e grupos violentos, que teñen ao seu alcance armamento de grande alcance científico e tecnolóxico, capaces de pór en grande risco os dereitos fundamentais da persoa.	Valora a importancia da reflexión ética actual.				PROCEDEMENTOS: Análise da produción do alumnado. INSTRUMENTOS: Debate	CSC
B3.2	VEB3.1.2. Sinala algúns dos novos campos aos que se aplica a ética (profesional, bioética, ambiente, economía, empresa, ciencia e tecnoloxía, etc.).	Sinala algúns dos novos campos aos que se aplica a ética (profesional, bioética, ambiente, economía, empresa, ciencia e tecnoloxía, etc.).				PROCEDEMENTOS: Análise da produción do alumnado INSTRUMENTOS: Debates, caderno e traballo	CMCCT CSIEE
B3.3	VEB3.2.1. Describe e avalía as circunstancias que no momento actual o/a rodean, identificando as limitacións e as oportunidades que se lle formulan desde as perspectivas social, laboral, educativa, económica, familiar, afectiva, etc., co obxecto de deseñar, a partir delas, o seu proxecto de vida persoal, determinando libremente os valores éticos que deben guialo/a.	Deseña un proxecto de vida persoal en función das súas limitacións e oportunidades, cos seus valores éticos.				PROCEDEMENTOS: Análise da produción do alumnado INSTRUMENTOS: Caderno e debate	CSIEE
B3.4	VEB3.3.1. Define os elementos distintivos das éticas formais e compáraos cos relativos ás éticas materiais.	Define os elementos das éticas formais e materiais				PROCEDEMENTOS: Análise da produción do alumnado INSTRUMENTOS: Caderno	CCL
B3.5	VEB3.3.2. Explica as características da ética kantiana (formal, universal e racional), así como a importancia da súa achega á ética universal.	Sinala características da ética kantiana				PROCEDEMENTOS: Análise da produción do alumnado INSTRUMENTOS: Caderno	CCL
B3.5	VEB3.3.3. Aprecia, na ética kantiana, o seu fundamento na autonomía da persoa como valor ético esencial e a súa manifestación no imperativo categórico e as súas formulacións.	Valora o fundamento da ética kantiana: a autonomía da persoa.				PROCEDEMENTOS: Análise da produción do alumnado INSTRUMENTOS: Caderno	CSC
B3.6	VEB3.4.1. Identifica a ética do discurso como unha ética formal e describe en que consiste o imperativo	Compara a ética formal coa kantiana				PROCEDEMENTOS: Análise da produción do alumnado	CAA

	categórico que formula, sinalando as similitudes e as diferenzas que posúe co imperativo da ética de Kant.					INSTRUMENTOS: Caderno	
B3.6	VEB3.4.2. Utiliza a súa iniciativa persoal e emprendedora para elaborar unha presentación con soporte informático acerca das éticas formais, expresando e elaborando conclusións fundamentadas.	Elabora unha presentación sobre as éticas formais				PROCEDEMENTOS: Análise da produción do alumnado INSTRUMENTOS: Caderno e traballo	CD CSIEE
B4.1 B4.2	VEB4.1.1. Comprende a importancia que ten para a democracia e a xustiza, que os cidadáns e as cidadás coñezan e cumpran os seus deberes (defensa dos valores éticos e cívicos, coidado e conservación de todos os bens e servizos públicos, participación na elección de representantes políticos/as, respecto e tolerancia á pluralidade de ideas e de crenzas, acatamento das leis e das sentenzas dos tribunais de xustiza, pagamento dos impostos establecidos, etc.).	Describe os dereitos dos cidadáns e cidadás e defende a súa importancia.				PROCEDEMENTOS: Análise da produción do alumnado INSTRUMENTOS: Debate e traballo.	CSC
B4.3	VEB4.2.1. Diserta e elabora conclusións, en grupo, acerca das terribles consecuencias que pode ter para o ser humano o fenómeno da globalización, se non se establece unha regulación ética e política (egoísmo, desigualdade, interdependencia, internacionalización dos conflitos armados, imposición de modelos culturais determinados por intereses económicos que promoven o consumismo e a perda de liberdade humana, etc.).	Relaciona posibles consecuencias da globalización.				PROCEDEMENTOS: Análise da produción do alumnado INSTRUMENTOS: Debate e traballo	CAA CSC
B4.4	VEB4.2.2. Comenta o deber ético e político que teñen todos os estados, ante os riscos da globalización, de tomar medidas de protección dos dereitos humanos, nomeadamente a obriga de fomentar o ensino dos valores éticos e a súa vixencia, e a necesidade de respectalos en todo o mundo (deber de contribuír na construción dunha sociedade xusta e solidaria, fomentando a tolerancia, o respecto aos dereitos das demais persoas; honestidade, lealdade, pacifismo, prudencia, e mutua comprensión mediante o diálogo, a defensa e protección da natureza, etc.).	Establece as funcións dos estados para defender fronte ao risco da globalización				PROCEDEMENTOS: Análise da produción do alumnado INSTRUMENTOS: Debate e traballo	CSC
B5.1	VEB5.1.1. Explica a finalidade e as características das leis xurídicas dentro do Estado e a súa xustificación ética, como fundamento da súa lexitimidade e da súa obediencia.	Defende a lexitimidade das leis xurídicas e a súa xustificación ética.				PROCEDEMENTOS: Análise da produción do alumnado INSTRUMENTOS: Debates	CCL
B5.2	VEB5.1.2. Debate acerca da solución de problemas nos que hai un conflito entre os valores e principios éticos do individuo e os da orde civil, formulando solucións razoadas, en casos como os de desobediencia civil e obxección de conciencia.	Debate sobre como resolver o conflito entre principios éticos individuais e de orde civil (desobediencia civil e obxección de conciencia)				PROCEDEMENTOS: Análise da produción do alumnado INSTRUMENTOS: Debate	CCL CSIEE
B5.3	VEB5.2.1. Procura información en internet co fin de definir os principais conceptos utilizados na teoría de Rawls e establece unha relación entre eles (posición orixinal e veo de ignorancia, criterio de imparcialidade e función dos dous principios de xustiza que propón).	Define a teoría de Rawls				PROCEDEMENTOS: Análise da produción do alumnado. INSTRUMENTOS: Caderno	CAA CD

B5.3	VEB5.2.2. Realiza un xuízo crítico acerca da teoría de Rawls e explica a súa conclusión argumentada acerca dela.	Valora a teoría de Rawls				PROCEDEMENTOS: Análise da produción do alumnado. INSTRUMENTOS: Caderno e debate	CCL
B5.4	VEB5.3.1. Xustifica racionalmente a importancia dos dereitos humanos como ideais para alcanzar polas sociedades e os Estados, e recoñece os retos que aínda teñen que superar.	Sinala os aspectos a mellorar para achegar os dereitos humanos a toda a sociedade				PROCEDEMENTOS: Análise da produción do alumnado INSTRUMENTOS: Debates, traballo e caderno.	CSC
B5.5	VEB5.3.2. Sinala algunha das deficiencias no exercicio dos dereitos económicos e sociais (pobreza, e falta de acceso á educación, á saúde, ao emprego, á vivenda, etc.).	Comprende as deficiencias no exercicio dos dereitos económicos e sociais e pon exemplos				PROCEDEMENTOS: Análise da produción do alumnado INSTRUMENTOS: Traballo e caderno	CSC
B5.6	VEB5.3.3. Emprende a elaboración dunha presentación, con soporte informático e audiovisual, acerca dalgunhas institucións e voluntarios/as que, en todo o mundo, traballan pola defensa e respecto dos dereitos humanos: Organización das Nacións Unidas (ONU) e os seus organismos, como FAO, Organismo Internacional de Enerxía Atómica (OIEA), Organización Mundial da Saúde (OMS), Organización das Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura (UNESCO), etc., organizacións non gobernamentais como Greenpeace, UNICEF, Cruz Vermella, Media Lúa Vermella, etc., así como o Tribunal Internacional de Xustiza, o Tribunal de Xustiza da Unión Europea, etc.	Fai unha presentación sobre as funcións dunha institución que defenda os dereitos humanos				PROCEDEMENTOS: Análise da produción do alumnado. INSTRUMENTOS: Traballos	CCEC CD CSC
B5.7	VEB5.4.1. Diserta, en pequenos grupos, acerca da seguridade e a paz como un dereito fundamental das persoas, e aprecia a súa importancia para o exercicio do dereito á vida e á liberdade, elaborando e expresando as súas conclusións (artigo 3 da DUDH).	Debate sobre a seguridade e a paz, identificando situacións nas que non se garantan estes dereitos.				PROCEDEMENTOS: Análise da produción do alumnado INSTRUMENTOS: Caderno e debate	CCL
B5.8	VEB5.4.2. Toma conciencia do compromiso dos españois e das españolas coa paz, como unha aspiración colectiva e internacional recoñecida na Constitución española, e rexeita a violación dos dereitos humanos, amosando solidariedade coas vítimas da violencia.	Rexeita a violencia en todas as súas formas.				PROCEDEMENTOS: Análise da produción do alumnado. INSTRUMENTOS: Debate e traballo	CSC
B5.9	VEB5.4.3. Emprende a elaboración dunha presentación, con soporte audiovisual, sobre algunhas das novas ameazas para a paz e a seguridade no mundo actual (terrorismo, desastres ambientais, catástrofes naturais, mafias internacionais, pandemias, ataques cibernéticos, tráfico de armas de destrución masiva, de persoas e de órganos, etc.).	Presenta unha investigación sobre unha ameaza para a paz				PROCEDEMENTOS: Análise da produción do alumnado INSTRUMENTOS: Debates, traballo e caderno	CD CSC
B5.10	VEB5.5.1. Coñece, analiza e asume como cidadán ou cidadá os compromisos internacionais realizados por España en defensa da paz e a protección dos dereitos humanos, como membro de organismos internacionais (ONU, OTAN, UE, etc.).	Indica actuacións de España en defensa da paz en diferentes organismos internacionais.				PROCEDEMENTOS: Análise da produción do alumnado INSTRUMENTOS: Debates e caderno	CSC
B5.11	VEB5.5.2. Explica a importancia da misión das forzas armadas (artigo 15 da lei de defensa nacional) en materia de defensa e seguridade nacional, de	Describe o papel das forzas armadas nos conflitos.				PROCEDEMENTOS: Análise da produción do alumnado INSTRUMENTOS: Caderno	CSC

	dereitos humanos e de promoción da paz, e a súa contribución en situacións de emerxencia e axuda humanitaria, tanto nacionais como internacionais.						
B5.12	VEB5.5.3. Analiza as consecuencias dos conflitos armados a nivel internacional, apreciando a importancia das organizacións internacionais que promoven e vixían o cumprimento dun dereito internacional fundamentado na DUDH.	Valora o papel das organizacións internacionais no cumprimento da DUDH				PROCEDEMENTOS: Análise da produción do alumnado INSTRUMENTOS: Debates e caderno	CSC
B6.1	VEB6.1.1. Utiliza información de forma selectiva para atopar algúns criterios que cumpra ter en conta para estimar a viabilidade de proxectos científicos e tecnolóxicos, considerando a idoneidade ética dos obxectivos que pretenden e a avaliación dos riscos e as consecuencias persoais, sociais e ambientais que a súa aplicación poida ter.	Aplica os criterios éticos para valorar proxectos científicos e tecnolóxicos.				PROCEDEMENTOS: Análise da produción do alumnado INSTRUMENTOS: Debates e caderno	CAA CMCCT CSC CSIEE
B6.2	VEB6.2.1. Comprende e explica a necesidade de apoiar a creación e o uso de métodos de control, e a aplicación dunha ética deontolóxica para científicos/as e tecnólogos/as e, en xeral, para todas as profesións, fomentando a aplicación dos valores éticos no mundo laboral, financeiro e empresarial.	Explica a aplicación de controis e a existencia dunha ética deontolóxica para científicos/as e tecnólogos/as				PROCEDEMENTOS: Análise da produción do alumnado INSTRUMENTOS: Caderno	CMCCT CSC CSIEE

6.Procedementos e Instrumentos de avaliación

Resulta fundamental ter presente que a finalidade da avaliación ten que ser formativa, pois trátase de detectar en cada intre como se adaptan os alumnos e alumnas individualmente ao proceso de ensinanza-aprendizaxe previsto e corrixir de forma inmediata os erros do mesmo

No procedemento de avaliación da materia respectaranse os distintos momentos e funcións naturais da avaliación: inicial, formativa e sumativa.

Ten importancia crucial a avaliación inicial coa que valorar os coñecementos previos e os esquemas mentais do alumnado e realizárase ao comezo de curso e de cada unidade didáctica ou tema novo. Un instrumento apropiado para esta avaliación pode ser unha proba inicial escrita ou preguntas orais como tormenta de ideas, que nos oriente cara ao establecemento das estratexias de aprendizaxe e a realización das actividades máis axeitadas, para a total e correcta consecución dos obxectivos previstos, así como destinadas a enlazar o xa aprendido co que se vai a aprender.

Para que o proceso de avaliación sexa íntegro, todos os axentes implicados no proceso de aprendizaxe deben ser escoitados. É importante que o alumnado sexa tamén partícipe na avaliación de modo que non soamente avalíe o profesor, como ocorre no ensino tradicional. Fomentarase a coavaliación e a autoavaliación individual ou grupal por medio de ferramentas como as rúbricas que permitan coñecer o grao de adquisición de contidos e competencias. Ademais, como se indicou anteriormente, o alumnado poderá e deberá avaliar o traballo do profesorado cunha enquisa que se leva a cabo a finais de curso.

Dende estes Departamentos óptase por un procedemento de avaliación o máis transparente posible de cara ao alumnado e ás familias, polo que en todo momento se informará tanto dos instrumentos como dos criterios de avaliación e cualificación. Consideramos que se o alumnado coñece cales son os obxectivos de aprendizaxe e como se van avaliar, será máis doado que os acade.

Os instrumentos de avaliación dos estándares de aprendizaxe a utilizar na materia serán variados para atender aos distintos estilos e ritmos de aprendizaxe do alumnado, entre os que destacamos os seguintes:

- Rutinas de pensamento para detectar o punto de partida de cada un dos alumnos, e as súas posibles carencias e necesidades.

- Chuvias de ideas para iniciar a sesión de traballo, motivar ao grupo e obter unha conclusión grupal en relación a un problema que involucra a todo o grupo.
- Diario de clase do profesorado: nel recollerase a observación diaria na aula (actitude responsable nas actividades tanto individuais como colaborativas, atención ao seguimento das explicacións da clase, respecto ao profesorado e os compañeiros de clase - intervencións opinións, traballos,...-, realización, presentación e finalización ou non dos traballos e exercicios de calquera tipo, entrega de traballos exercicios no tempo asignado, autocorrección,... , esforzo individual, participación nas tarefas en grupo, orden, organización, limpeza e claridade na caligrafía dos traballos, apuntes e exercicios de clase, etc.)
- Elaboración do diario do alumno/a no que deben recompilar as actividades realizadas e o reflexionar sobre o propio proceso de aprendizaxe da materia.
- Análise dos cadernos dos alumnos, mediante unha escala de observación do caderno.
- Análise dos traballos individuais, normalmente de carácter escrito.
- Análise dos traballos en grupo, preferentemente en formato dixital.
- Cuestionarios breves e variados.
- Exposicións orais e asambleas
- Rúbricas como elemento primordial para coñecer o grao de desempeño dunha competencia.

7. Metodoloxía

Os problemas, conceptos e teorías éticas tocan directamente conflitos e vivencias do alumnado, polo que deben tratarse a partir desas mesmas experiencias e, sempre que sexa posible, a partir das circunstancias, necesidades e características de cada grupo de alumnos/as. Doutro lado, ditos problemas e teorías admiten diversos niveles de concreción e expresión, polo que este se adaptará ás necesidades dos alumnos. Recoméndase, polo xeral, unha metodoloxía o máis activa e participativa posible, incidindo en actividades colectivas como o debate, as dinámicas de grupo, os traballos por equipos, as presentacións orais, o cine-forum, a elaboración grupal de produtos dixitais (blogs, wikis, vídeos, etc.), as actividades fóra da aula e extraescolares, así como outras de carácter máis individual e persoal: reflexións por escrito, presentacións en clase, etc., etc.

En concreto, na área o alumnado deberá desenvolver actitudes conducentes á reflexión e

análise e as implicacións éticas que en ocasións consideran. Para iso necesitamos certo grao de adestramento individual e traballo reflexivo de procedementos básicos da materia: a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a argumentación en público e a comunicación audiovisual.

Nalgúns aspectos da área, o traballo en grupo colaborativo ou cooperativo achega, ademais do adestramento de habilidades sociais básicas e enriquecemento persoal desde a diversidade, unha ferramenta perfecta para discutir e afondar en contidos dese aspecto. Neste senso, a aprendizaxe integradora ten por obxectivo que en cada sesión de clase se consiga a suma de diferentes elementos coma son: grao de inclusión da aula, criterio de agrupamento do alumnado e aplicación dun currículo común e extensivo á diversidade do alumnado ao que lle impartimos clase. Según Pére Pujolás e J. Ramón Lago, coordinadores do programa CA/AC (“Cooperar para aprender/ Aprender a cooperar”), partir da diversidade, expresión, doutra banda, da realidade social, é moito máis produtivo a nivel metodolóxico sempre que se desenvolvan actividades estruturadas e secuenciadas no grupo-clase partindo sempre dun currículo común. Entendemos por unha actividade estruturada ao “conxunto de elementos e operacións que segundo como se combinen entre si e a finalidade que con eles se persigue, producen un determinado efecto entre os participantes”. Neste caso a finalidade sería poder acadar unha aprendizaxe cooperativa. Se concretamos os elementos e operacións a considerar estamos falando da elaboración no grupo-clase de pequenos equipos de traballo coa fin de que cada membro desenvolva unha aprendizaxe propia e participe de forma activa na aprendizaxe dos compañeiros. Por tanto, a presente metodoloxía acada a consecución dunha aprendizaxe cooperativa cando cada alumno aprende grazas ao apoio dos compañeiros e os compañeiros aprenden grazas ao apoio e o traballo del. Todo isto dentro do proceso de ensinanza-aprendizaxe onde o profesor ten un peso importante como coordinador e moderador de actividades.

Doutra banda, o desenvolvemento dos conceptos a abordar ao longo do curso escolar terán unha conexión directa coas datas significativas para a materia (“Día da Paz”, “Día internacional dos Dereitos do neno”, “Día internacional da Terra”....). Partimos dunha aprendizaxe significativa na que pretendemos conectar os coñecementos do mundo no que viven os nosos alumnos/as coa teoría a tratar na presente materia. O traballo destas datas pretende favorecer, a partir dos feitos que se conmemoran, a formación de actitudes éticas, cívico-morais e sociais así coma a adquisición de actitudes e valores positivos na formación humana do alumno/a. Neste sentido, facer fincapé na metodoloxía “socializadora” que consiste en coñecer a propia sociedade, o seu pasado histórico, así coma a contorna na que se desenvolve a vida do alumno. Por tanto, o obxectivo de utilizar a conmemoración-celebración dunha data significativa pretende analizar e valorar diferentes aspectos éticos facendo referencia ao noso entorno inmediato. Para acadar os obxectivos metodolóxicos

propostos o traballo dos alumnos/as organízase en fichas deseñadas dun xeito flexible de tal modo que se poidan traballar dunha forma individual ou en grupo.

No desenvolvemento das tarefas empréganse diversas estratexias metodolóxicas:

- Traballo reflexivo individual no desenvolvemento das actividades individuais.
- Traballo en grupo cooperativo: facer grupos de 3 ou 4 alumnos e alumnas e utilizar estruturas da aprendizaxe cooperativa para traballar os principios de definición de obxectivo grupal, interdependencia positiva e interacción cara a cara.
- Posta en común en gran grupo, despois do traballo individual ou grupal.
- Círculos de aprendizaxe.
- Exposición do profesor ou da profesora.
- Por outro lado, cada alumno/a parte dunhas potencialidades que definen as súas intelixencias predominantes, enriquecer as tarefas con actividades que se desenvolvan desde a teoría das intelixencias múltiples facilita que todos os alumnos poidan chegar a comprender os contidos que pretendemos adquirir para o desenvolvemento dos obxectivos de aprendizaxe.
- Na área é indispensable a vinculación a contextos reais, así como xerar posibilidades de aplicación dos contidos adquiridos. Para iso, as tarefas competenciais facilitan este aspecto, que se podería complementar cunha aprendizaxe baseada en proxectos.

8. Materiais e recursos didácticos

Os seguintes materiais de apoio poden reforzar e ampliar o estudo dos contidos da área de Valores Éticos:

- Corto sobre a vida de Albert Llovera: mostra a súa carreira deportiva, o relato do accidente que sufriu e algunhas testemuñas que relatan como superou as dificultades.
- Documental “En el mundo a cada rato”: trata a temática dos dereitos da infancia no mundo. Abórdanse as cinco prioridades de UNICEF: a educación das nenas, o desenvolvemento integrado na primeira infancia, a inmunización, a loita contra a VIH/SIDA e a loita contra a violencia, a explotación e a discriminación. Son cinco historias rodadas en distintos países do mundo e cuxos protagonistas son os nenos.

- Documental Invisibles: invisibles son aqueles que, existindo, non sabemos nada deles, ou non queremos saber, pois como di unha das protagonistas: “No es que no nos vean, es que no nos quieren ver”. Son las víctimas de centos de conflitos, enfermidades, guerras e violencia sexual no chamado terceiro mundo.
- Invictus: un claro exemplo da capacidade de rexeneración e reconstrución que teñen valores tan universais como o perdón, a reconciliación e a inspiración.
- Avatar: película moi interesante para traballar valores universais como o respecto pola Terra, a Non violencia, a tolerancia, a convivencia, o respecto, a amizade, a integración, a xustiza e a empatía.
- Del revés (Inside Out): para traballar as emocións nos adolescentes.
- Gattaca: (acrónimo das catro iniciais das proteínas que forman el ADN: A, G, T e C, adenina, guanina, citosina e timina) que se ocupa dun futuro relativamente cercano onde os pais, grazas aos avances na medicina xenética, teñen a posibilidade de configurar o material xenético dos seus fillos.
- Home, historia dunha viaxe: documental que pretende conmover e denunciar os estragos que o home está causando, coas súas accións, na Terra.
- Arrugas: para traballar valores como a amizade, o amor, a familia e a vellez.
- “Cometas en el cielo”, Khalad Hosseini. Editorial Salamandra. Texto no que reflexionamos sobre a persona e a amizade tomando como referencia a Afganistán de comezo dos setenta.
- “A miña planta de laranxa lima”, José Mauro de Vasconcelos, Editorial El Ateneo. Entrañable lectura xa que supón o descubrimento do mundo a través dos ollos dun neno e a súa relación de amizade cun home de avanzada idade
- “El arte de volar”, Antonio Altarriba, Kim. Ediciones de Ponent. Conmovero libro de banda deseñada onde o autor, con tintes biográficos, expresa as emocións e a frustración dun ancián cuxa vida percorreu o século XX
- “Enrugas”, Paco Roca, Editorial Astiberri. Libro de banda deseñada onde se expresan con moita tenrura as dificultades da vellez
- “Persépolis”, Marjane Satrapi. Editorial L’ASSOCIATION. Libro de banda deseñada onde a autora realiza unha defensa da tolerancia e dos valores democráticos

- “Los márgenes de la moral: una mirada ética a la educación”. Joan Carles Melich. Editorial Grao. Lectura na que se realiza unha reflexión sobre a moral dentro do contexto da sociedade e o valor da educación
- “Elogio de la bicicleta”, Marc Ange. Editorial Gedisa. Texto no que se reflexiona sobre a bibicleta como instrumento(no mundo industrializado e das novas tecnoloxías) de reconciliación co medio ambiente e coa esencia do ser humano.
- “Por una Ética del consumo”, Adela Cortina, Editorial Taurus. Lectura que pretende unha reflexión ética sobre o desgarrador mundo capitalista e a potencialidade sobre o seu correcto uso
- “Viaje a las emociones”, Eduardo Punset. Editorial Destino. Neste libro Punset reflexiona sobre as emocións e os valores e a súa combinación para acadar a felicidade
- “El equilibrio de la Tierra: el impacto de la ciencia en la sociedad”. Ramón Folch, Eduardo Punset. Fundación Banco Santander. Texto no que os tres autores reseñados buscan as claves(dende diferentes puntos de vista) para conseguir o equilibrio da Terra.

9. Criterios de cualificación

9.1 Criterios de cualificación nas avaliacións trimestrais (1ª, 2ª e 3ª avaliación):

Para a obtención da nota final en cada avaliación teremos en conta o promedio ponderado de dúas cualificacións dos aspectos a avaliar, expresados tamén de forma numérica:

- Traballo diario, suporá o 50% da nota. Inclúese o seguimento do traballo dos alumnos na aula e/ou das tarefas a realizar na casa:
- Diario do alumno/a 50% (actividades de aula, tarefas para casa, preguntas de clase, busca e selección de información, etc). A cualificación neste apartado, ademais de basearse nas cualificacións positivas e negativas recollidas polo profesor nas súas anotacións; quedará a criterio do profesor en base a súa observación diaria do traballo dos alumnos no diario de clase do docente..
- Traballos temáticos obrigatorios trimestrais individuais ou/e grupais 50% (presentacións dixitais, exposicións orais e debates, vídeos, ...).

Consideracións a ter en conta para a cualificación:

- Para obter unha cualificación de aprobado, a media entre as distintas cualificacións debe ser de 5 puntos ou superior.
- Se a nota media e superior a 5 puntos, o redondeo a alza ou a baixa das notas decimais da media da avaliación, quedará a criterio do profesorado.
- Para obter unha cualificación de aprobado é necesaria a presentación dos traballos trimestrais e do diario do alumno/a no prazo estipulado. Neste sentido, no caso de que un alumno/a non presente en prazo os traballos, o caderno, deberá xustificar legalmente esta ausencia (tal e como se establece nas normas do centro). De non ser así, constará como non presentado e o alumno non poderá obter a cualificación de aprobado. Independentemente da media no resto das cualificacións, acadará como máximo unha cualificación de 4 puntos.

Criterios de cualificación na avaliación ordinaria:

Como norma xeral, a cualificación final de xuño será unha media das cualificacións obtidas en cada unha das avaliacións (1ª, 2ª e 3ª avaliación). A nota media das tres avaliacións deberá ser igual ou superior a 5 para acadar o aprobado da materia en xuño. Tendo en conta que a avaliación será continua, na avaliación ordinaria van ser apreciados a evolución e o esforzo amosado polo alumno/a ó longo do curso, a súa actitude positiva e o interese pola materia.

Criterios de promoción do alumnado:

O alumnado aprobará a materia sempre e cando se comprobe, mediante os mecanismos ante especificados, que acadou os obxectivos de etapa, o grao mínimo consecución dos estándares de aprendizaxe avaliados, expresados nesta programación, e que acadou un certo grao de desenvolvemento ou adquisición de cada unha das sete competencias clave indispensables para alcanzar un pleno desenvolvemento persoal, social e profesional.

O alumnado que non supere a materia deberá realizar, no periodo correspondente establecido para a recuperación:

- Actividades de repaso sobre os contidos dados durante o curso, que lle sirvan de práctica e axuden a recuperar máis facilmente a materia.
- A realización dun exame e entrega de traballos para poder obter unha cualificación positiva na avaliación.

- Para superar a materia o alumnado deberá amosar interese e esforzo durante o procedemento de recuperación, así como acadar unha calificación mínima de 4 tanto no exame final como nos traballos prácticos.

- A nota final será a media das dúas puntuacións (50% traballos prácticos e 50% exame, sempre que teñan como mínimo un 4 en calquera das probas).

9.3 Recuperación da materia pendente:

Os alumnos e alumnas que promocionen de curso coa materia pendente recibirán un plan de traballo para recuperala no curso seguinte. Convocarase unha reunión por trimestre co fin de facilitar a información.

O plan de traballo incluírá unha listaxe de exercicios e acordarase a posibilidade de reunirse co profesor ou profesora encargado para resolver dúbidas, previa cita, preferentemente no tempo de lecer.

Dito listado recollerá os traballos a realizar polo alumnado que cursa a materia no nivel correspondente. Acadarase cualificación positiva sempre que se responda positivamente ás entregas atendendo aos mesmos criterios de avaliación correspondentes ao curso do que se está a examinar o alumno/a.

Deberán respectarse as datas límite de entrega e non se recollerán traballos presentados fóra de prazo sen causa xustificada.

De non ser suficiente o traballo realizado, o profesor ou profesora que fai seguimento poderá establecer unha data para a realización dunha proba escrita.

Os contidos mínimos que deberán superar son os mesmos que se especifican para o nivel ao que se presenta.

10. Actividades complementarias e extraescolares

Para este curso académico 2022/2023, as actividades complementarias e extraescolares irán enfocadas hacia proxectos que sirvan para poñer en valor datas sinaladas como as conmemoracións.

11. Información ao alumnado e á comunidade escolar do contido da presente programación

De acordo co establecido pola Orde do 19 de maio de 2021, que aproba o calendario escolar, ao inicio do curso darase a coñecer ao alumnado e a comunidade escolar a información básica relativa á programación desta área, incluíndo obxectivos, contidos e criterios de avaliación, mínimos esixibles para obter valoración positiva, criterios de cualificación e P de avaliación que se van utilizar. Ademais, para dar a maior difusión posible e garantir a súa publicidade, a programación estará a disposición do alumnado e das familias na páxina web do centro educativo e na cortiza do centro escolar. Por último, o alumnado terá á súa disposición unha síntese da programación na súa aula de referencia para que poidan facer en calquera momento unha consulta da mesma. Ademais, as primeiras sesións de clase do curso se lle explicará ao alumnado as seguintes cuestións:

- Obxectivos da materia.
- Contidos que se van a desenvolver e metodoloxía que se vai a utilizar.
- Materiais e recursos educativos que se van a utilizar e os que necesitan ter ou mercar.
- Mínimos esixibles para unha avaliación positiva.
- Criterios de cualificación e mecanismos de avaliación que se van a utilizar (por escrito).
- Plan para a recuperación de materias pendentes.
- Mecanismos existentes para a reclamación en caso de desconformidade coa cualificación obtida.

12. Procedemento e indicadores para avaliación da propia programación / práctica docente

Durante o curso, e dentro das reunións de departamento, realizaremos un seguimento do desenvolvemento da programación, quedando reflectidas as modificacións realizadas e as xustificacións oportunas.

A nivel oral comentamos cos nosos alumnos e alumnas os resultados, como foi o desenvolvemento das aulas, se lles interesaron a nivel xeral as propostas e que lles gustaría que cambiásemos de cara ao próximo curso (baseado, claro está, na súa propia experiencia). Así suxíren modificacións dalgún dos traballos de aula, ou do peso dos exames que será tido en conta de cara ao vindeiro curso.

Na memoria de final de curso reflectiranse aspectos relativos á avaliación da presente programación que terán que ver cos seguintes aspectos.

Para a avaliar a programación teremos en conta os seguintes apartados:

- Contempla os obxectivos, contidos e criterios de avaliación xerais da área.
- Se os contidos, obxectivos e criterios de avaliación son coherentes en canto a cantidade.
- Secuencia de contidos ao longo da etapa.
- Define os criterios metodolóxicos.
- Define os procedementos de avaliación e os criterios de cualificación.
- Contempla as medidas ordinarias de atención á diversidade.
- A programación é coherente co proxecto curricular.
- A programación toma en consideración o emprego das TIC.

En relación cos obxectivos, contidos e criterios de avaliación:

- Os obxectivos e contidos programados para cada un dos niveis foron os adecuados e están contextualizados en relación co nivel de desenvolvemento e de competencia do alumnado.
- As unidades de traballo se desenrolan en espazo de tempo suficiente.
- A secuenciación de contidos facilita o repaso e asimilación.

- Establece uns mínimos de suficiencia nos criterios de avaliación adecuados
- As actividades desenvolven suficientemente os diferentes tipos de contidos e os diferentes modos de aprendizaxe.
- As actividades favorecen o desenvolvemento da creatividade.

En relación ca metodoloxía:

- O profesorado sempre fai unha introdución ao tema.
- O profesorado orienta individualmente o traballo do alumnado.
- Na aula utilízanse diferentes materiais de apoio.
- Na aula utilízanse materiais de elaboración propia.
- Parte das actividades se realizan en grupo.
- Aténdese á diversidade dentro do grupo.
- Dependendo do tipo de actividade empregamos un ou outro espazo na aula según as necesidades de materiais equipamento.
- Harmonízase o traballo de aula e o de casa.

13. Avaliación inicial

Concepto.

Instrumento básico para a detección de alumnos/as con necesidades de apoio e/ou reforzo, xa sexa por atraso académico ou dificultades de aprendizaxe.

Contribúe ó coñecemento do alumnado por todo o profesorado que lle imparte docencia e posibilita a toma de decisións para a adaptación da programación de aula e para a aplicación doutras medidas de atención á diversidade.

Consiste en reunir toda a información do desenvolvemento académico do alumno así como a avaliación dos coñecementos previos nas áreas curriculares.

Obxectivos.

- Coñecer ó alumnado de cada grupo e os seus niveis curriculares de partida.
- Coñecer as características do grupo e a súa dinámica interna, para procurar unha mellora das relacións e as aprendizaxes.

- Poñer en común e tomar decisións respecto do alumnado que manifeste dificultades de aprendizaxe e precise de medidas de atención á diversidade.
- Informar ao profesorado de cada grupo das características e necesidades dos alumnos así como das medidas de atención á diversidade que se aplicarán ó longo do trimestre ou curso.

Destinatarios.

Deberase realizar en todos os cursos do ensino obrigatorio e pos obrigatorio, en todas as materias, e terá un carácter máis exhaustivo e coordinado nos cursos de ESO.

Temporalización.

Deberá realizarse ó inicio de curso, e deberá estar rematada antes de finais de Outubro. No caso de alumnos que se incorporen unha vez comezado o curso, a avaliación inicial farase no momento da súa chegada.

En cada materia avaliarase o desenvolvemento das competencias clave previas dos alumnos na súa área mediante os procedementos e probas que o departamento estime oportunos.

14. Medidas de Atención á diversidade

Unha vez levada a cabo a avaliación inicial e detectado o nivel do alumno/a e as súas dificultades de aprendizaxe, iranse adoptando unha serie de medidas de atención á diversidade que permitirán a todos os alumnos progresar na adquisición das capacidades desta etapa educativa.

En cada unidade didáctica teremos en conta:

- Que dificultades e potencialidades prevexo no grupo durante o desenvolvemento da unidade?
- Como vou minimizar as dificultades?
- Que necesidades individuais prevexo no desenvolvemento da unidade?
- Que recursos e estratexias manexarei para atender as necesidades individuais?

Como medidas de atención á diversidade destacaremos as seguintes:

- As adaptacións curriculares: deseñaranse tendo en conta os criterios e obxectivos da etapa, e adaptados ás necesidades do alumno.

En Baiona, setembro de 2022

Asdo: Tania González Tella

Xefa do Departamento de Debuxo

CPI Cova Terreña